

CONCRECIÓN CURRICULAR 2022-2023

A) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO

OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas e ir avanzando nas posibilidades de acción.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social e do ámbito rural no que viven.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, nos procesos de pre-lectura e a pre-escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade e o respecto ás diferenzas,

OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia de centro e de aula, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos e as pautas de comportamento básicas en todos os contextos escolares, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Potenciar o respecto polos principios básicos da vida escolar.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, traballo cooperativo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non



discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. Incentivar o baixo uso da lingua galega como valor cultural do contexto do centro.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás prestando especial atención a expresión e intercambio comunicativo oral.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá mediante metodoloxías manipulativas como poden ser as matemáticas OAOA que faciliten a comprensión de conceptos matemáticos.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran. Realizar unha aproximación progresiva a estas tecnoloxías cun traballo previo que pode facerse dende o xogo sen necesidade de ferramentas dixitais establecidas.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. Potenciar a aprendizaxe creativa e a posta en valor da linguaxe plástica, visual, musical, interpretativa e a danza.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Desenvolver hábitos e estilos de vida saudables. Propiciar a práctica de deportes como elemento alternativo de ocio.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

B) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS

COMPETENCIAS EDUCACIÓN INFANTIL

a) **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** potenciar os intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e nenos e persoas adultas. A oralidade



ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite aos nenos e ás nenas gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladaíñas, das adiviñas e dos contos, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade.

b) Competencia plurilingüe (CP): nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM): As nenas e os nenos iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

d) Competencia dixital (CD): achegamento simple e razoado ao contexto tecnolóxico que pode realizarse dende o xogo, actividades manipulativas, espaciais ou razoamento. Potenciar o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. O uso razoado e xustificable destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): traballo na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. Descubrimento dunha contorna diferente á familiar e a aprendizaxe en comunidade, na que se experimenta a satisfacción de aprender en comunidade.

f) Competencia cidadá (CC): ofrecer modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos con apoio do profesorado.

g) Competencia emprendedora (CE): estimular a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades

dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe. Incentivar o pensamento estratéxico e creativo coma da resolución e a resolución de problemas.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): potenciar nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Primeiros achegamento ás manifestacións culturais e artísticas do entorno próximo.

COMPETENCIAS EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL): favorecer o desenvolvemento da expresión oral, escrita, a lectura e literatura e ao aumento do vocabulario específico, o achegamento aos distintos tipos de textos e a mellora as destrezas de expresión e comprensión lingüística.

b) Competencia plurilingüe (CP): utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais e valor cultural das mesmas.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM): facilitar a utilización de ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, como cálculos, medidas, escalas, táboas ou gráficos. Tamén facilita a interacción das persoas e interpretación do mundo físico que nos rodea aproximándonos ao método científico sabendo: definir problemas, estratexias, investigacións... e empregando saberes e TICs.

d) Competencia dixital (CD): abordar os procedementos de procura, selección e interpretación da información en soportes dixitais que posúe diferentes códigos, formatos e linguaxes. Tamén a alfabetización dixital e o uso de aparellos tecnolóxicos cotiás.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): favorecer o desenvolvemento de técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información (Esquemas, mapas conceptuais, resumos). Tamén a reflexión sobre o que aprendeu e a súa explicitación. Desenvolver habilidades de autonomía persoal, esforzo, traballo e planificación no desenvolvemento do propio proceso de ensino-aprendizaxe.

f) Competencia cidadá (CC): favorecer as relacións próximas, familia, compañeiros, emocións e sentimentos, resolución de conflitos, convivencia... Tamén o coñecemento do contexto tanto social, político e económico, partindo do mais próximo no espazo e no tempo cara o máis afastado e promocionando a busca dunha cidadanía solidaria e democrata.



g) Competencia emprendedora (CE): abordar a toma de decisións a partir do coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar como na planificación de forma autónoma de tarefas individuais, a participación activa, o liderado, a confianza nun mesmo, nas súas propias posibilidades e o traballo en grupo cun fin común.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade e o recoñecemento das que integran o patrimonio cultural e o desenvolvemento da capacidade creativa. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. Potenciar a aprendizaxe creativa e a posta en valor da linguaxe plástica, visual, musical, interpretativa e a danza.

c) CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas.

A educación en valores será un aspecto transversal que se abordará en todas etapas, áreas, ámbitos, actividades, situacións de aprendizaxe, conmemoracións... Tamén serán traballados nos distintos contextos e ámbitos escolares. Entre os principais criterios establécense:

Acción titorial: prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores. Estableceranse canles par que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzara iniciativa e aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación para a saúde: amosaremos ao alumnado a importancia que ten a adquisición de hábitos de hixiene e coidado persoal, control postural, de prevención de accidentes, dunha alimentación equilibrada e variada e a práctica de actividade física para un correcto desenvolvemento do noso organismo.

Educación para o consumo: a educación responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre o necesario e o prescindible. Trataremos de amosar ao alumnado que con poucos recursos se poden desenvolver diversas actividades, así pois potenciaremos o emprego de materiais de reciclaxe en lugar de inculcar un afán consumista.

Educación medioambiental e desenvolvemento sostible: trataremos de concienciar ao noso alumnado sobre a conveniencia de coidar o noso contorno e os nosos recursos ambientais propiciando un desenvolvemento sustentábel e evitando comportamento dañino para o mundo que nos rodea.

Educación para a igualdade entre ambos sexos: todas as actividades programadas contemplan o respecto cara o outro sexo, e tratan de eliminar prexuízos que poidan ter adquiridos e modificar as condutas erróneas. Deben fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero, e dos valores de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición e circunstancia social ou persoal.

Educación para a paz: o obxectivo é que o alumnado comprenda que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos diarios, moitas veces o rancor e froito dos descoñecemento e falta de comunicación, a mellor maneira de superar estes problemas é o diálogo. Faremos fincapé especial neste transversal nas sesión de titoría para que sexan quen de previr e de resolver os conflitos co desenvolvemento de habilidades sociais e da educación emocional. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Educación na diversidade afectivo sexual: evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Tamén a diversidade do tipo de familias existente na actualidade.

D) CRITERIOS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

Dependendo de factores, tales como o nivel de coñecementos iniciais, a natureza propia do grupo, o ritmo de desenvolvemento dos contidos, diversidade do alumnado... utilizaranse uns ou outros procedementos didácticos. Preténdese que as distintas estratexias didácticas se adapten á natureza concreta do grupo e etapa para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS

- Aprendizaxes significativas : todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : as ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : o/a alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.



- Motivación : utilizaranse contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : todo isto realizarase nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.
- Un tratamento dos contidos con carácter integrador e en espiral (cunha dificultade e ampliación progresiva), que potencie a adquisición de aprendizaxes significativos.
- A participación, cooperación, interactividade e a motivación do alumnado situando estes como centro do proceso.
- A atención a diversidade dende o principio de equidade, prestando especial atención a prevención e o tratamento das dificultades de aprendizaxe e o reforzo das mesmas.
- A autorregulación das aprendizaxes e a capacidade de aprender a aprender.
- A funcionalidade dos coñecementos e a súa aplicación práctica na realidade.
- A súa fundamentación na lexislación vixente, seguindo os principios de: flexibilidade, actividade e participación, indución, principio lúdico, creatividade e globalización.

O papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes ao alumnado.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- Utilización da experiencia previa do/a alumno/a como punto de partida da aprendizaxe
- Fomentar nos/as alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización da biblioteca como recursos da aprendizaxe.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferenzas individuais o requiran.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas e actividades de traballo individual como complemento do libro de texto.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Estar abertos ao diálogo e a escoitar os seus problemas.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades na clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...



- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer a actividade física, xogos, deportes, actividades predeportivas e visitas deportivas, naturais e culturais.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.
- Formulación de preguntas para os nenos e nenas para saber os seus coñecementos previos sobre os contidos que se van desenvolver.
- Realización de proxectos que xurdan da realidade dos alumnos, de celebración de festas...
- Manipulación, observación, descrición, ordenación temporal...
- Utilización dos diferentes materiais e recursos dispoñibles na aula.
- Presentación de diferentes situacións nas que os nenos e as nenas teñan que resolver sinxelos problemas establecendo relacións causa-efecto.
- Utilización de ferramentas dixitais e/ou interactivas para reforzar os contidos traballados.
- Establecemento de pautas homoxéneas de actuación coa familia mediante diferentes recursos: titorías, cadernos de aula, cadernos de faltas, fichas para traballar na casa, boletíns, comunicacións recíprocas...
- Exploración e utilización de materiais e útiles da expresión plástica, visual, musical, danza e dramatización.
- Apostar pola aprendizaxe manipulativa, con materiais de utilidade recoñecida, e xogos de aprendizaxe.
- Creación de situacións na aula que potencien o desenvolvemento da linguaxe oral (preguntas do docente, delegados/as, cantos, asembleas, actividades en grupo, relato de vivencias, escoita activa, prácticas restaurativas...).
- Iniciación no desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia cara ás persoas do seu medio próximo mediante explicacións e diálogos.
- Ambientación da aula e o centro en relación a contidos e obxectivos propostos.
- Realización de pequenos experimentos para introducilos no mundo científico e para comprobar algunhas das explicacións dadas polo docente.
- Planificación de saídas con diferentes finalidades.

D) CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O uso de recursos atenderá a factores, tales como o nivel de coñecementos iniciais, a natureza propia do grupo, tipo de contidos, etapa, diversidade, proxectos, materias,

ámbitos, número de alumnos/as... Búscase que os recursos se adapten a natureza concreta do grupo, etapa e enfoque metodolóxico. Entre os principais recursos:

Materiais con carácter globalizador e orientativo:

- Libros de texto e de consulta.
- Libros dixitais, material informático e ferramentas TICs.
- Libros de lectura da biblioteca de centro e de aula.
- Material elaborado polo profesorado: unidades didácticas, proxectos, arquivos, cazas do tesouro, actividades elaboradas con ferramentas de autor, actividades online...
- Material elaborado polo propio alumnado: dossiers, presentacións, traballos...

Material auxiliar:

- Material manipulativo.
- Material de escritura.
- Material de refugallo e da natureza.
- Fichas de traballo. Fichas de apoio.
- Cadernos de actividades.
- Cadernos de reforzo.
- Textos escritos adaptados.
- Fichas de lectura.
- Viñetas, fotos,...
- Fichas de atención, programas de intervención.
- Biblioteca de aula-centro.
- Material científico, cartográfico e de experimentación.
- Material creativo e plástico.
- Material deportivo e psicomotor.
- Material específico para atender a diversidade do alumnado: pictográfico, logopédico, mobiliario, comunicativo...
- Instrumentos musicais e de son.
- Obxectos diversos de diferentes magnitudes, regretas, bloques lóxicos, obxectos contables e familiares (moedas, fichas de plástico,...), ábaco...
- Diferentes recipientes, balanzas, regras, reloxos,...
- Xogos educativos, didácticos e de mesa.
- Material impreso con debuxos.
- Recursos informáticos, audiovisuais, bibliográficos,...
- Axenda de comunicación profesor/a-familia.
- Etc...

Materiais curriculares e documentos do Centro:

(PE) Proxecto Educativo, (NOF) Normas de Organización e Funcionamento, (PXA) Programación Xeral Anual, Programacións dos distintos niveis, Plan de convivencia, PAT (Plan de Acción Titorial), PAADO (Plan de Anual de Actividades do Departamento de Orientación), Plan de Dinamización da Lingua Galega, Plan TIC, Proxecto PLAMBE...

Material funxible:

En E. Infantil o material funxible empregado polo alumnado é común e compartido sendo a súa reposición e compra financiada polas familias dos propios alumnos e alumnas ó principio do curso. Seguindo a normativa vixente este presuposto común aportado polas familias será xestionado polos propios pais/nais.

A utilización dos recursos e materiais a nivel de Centro está organizada de forma coñecida por todos: horas dispoñibles para a aula de música, aula STEM, da biblioteca, do ximnasio, da aula de informática, etc. así como o rexistro do fondo documental relacionado co tema transversal e coa acción titorial. Procúrase tamén controlalo e mantelo en bo estado a través das distintas normas de uso e conservación elaboradas e difundidas tanto para uso dos materiais de aula como dos comúns.

Procurarase unha coordinación no uso de materiais e recurso entre etapas e cursos que favoreza a continuidade do proceso de ensino aprendizaxe sen rupturas abruptas respectando os principios metodolóxicos expostos na concreción curricular.

F) CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO.

ATENCIÓN EDUCATIVA (EDUCACIÓN INFANTIL)

Os/as alumnos/as de ed. infantil que non acoden ás clases de Relixión Católica, impartidas pola profesora especialista, reciben durante esas sesións semanais Atención Educativa realizando outras actividades alternativas á Relixión.

As actividades que se realizarán estarán relacionadas coa biblioteca, cos contos, actividades plásticas, xogos de mesa, visuais...

Tamén actividades de habilidades sociais e de resolución de conflitos, traballos grupais de colaboración...

RELIXIÓN CATÓLICA-PROXECTO COMPETENCIAL (EDUCACIÓN PRIMARIA)

Na primeira quincena do mes de setembro ofertarase a posibilidade de que as familias decidan cal das dúas materias curse o alumnado na etapa de Educación Primaria.

G) CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Atendendo ás necesidades e intereses do alumnado, cabe resaltar a importancia dunha formación integral que favoreza o desenvolvemento dos nenos e nenas en todos os ámbitos da personalidade.

As actividades complementarias e extraescolares son , en boa medida, un bo instrumento para levar á práctica as aprendizaxes traballadas no día a día no centro así como para favorecer a adquisición de valores nunha cidadanía activa e comprometida co entorno máis próximo e a diversidade e riqueza cultural.

Porén, as actividades deben ser seleccionadas baixo parámetros de rigor, interese pedagóxico, obxectivos definidos e de calidade e que permitan unha boa integración no proceso de aprendizaxe que se estea levando a cabo en cada momento.

- Reunión inicial de coordinadores de equipos ao inicio de curso para unificar programacións.
- Reunión de coordinadores antes de organizar e realizar algunha actividade que implique a todo o centro.
- Deseñaranse actividades interdisciplinares de calidade que axuden a acadar o maior número de obxectivos posibles.

Ao inicio de curso, logo do debate no seo de cada un dos equipos, realizarase esta reunión conxunta dos coordinadores no que se establecerán as liñas xerais en canto a actividades anuais e conmemoracións para encaixalas nas programacións.

Entre as principais liñas xerais de actividades complementarias sitúanse:

- Saídas para visitar lugares de interese noutros Concellos.
- Saídas e visitas didácticas no propio Concello.
- Visitas de distintos artistas da contorna no centro.
- Actividades e conmemoracións culturais.

- Excursiónse e saídas didácticas.
- Participación en distintos proxectos que fomenten a aprendizaxe e os valores.
- Teatro, contacontos, animacións, actividades literarias e artísticas.
- Actividades deportivas
- Colaboración con entidades do entorno e o concello.
- Radio Escolar.
- Proxecto Documental Integrado.

O claustro de mestres/as, os Equipos Dinamizadores, xunto cos Equipos de Ciclo poderán propoñer ao longo do curso diversas actividades que vaian xurdindo e que se adapten ás necesidades e intereses pedagóxicos traballados.

Outros membros da comunidade educativa poderán propoñer e realizar suxestións en canto ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Será o claustro do centro quen valore a viabilidade e interese das mesmas tomando a última decisión.

H) CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO E DE RECUPERACIÓN

- O alumnado que promociione con algunha cualificación negativa recibirá os **apoios necesarios**.
- A finais do 2º trimestre realizarse unha **previsión** daquel alumnado con grandes dificultades e que poida ser obxecto dunha medida extraordinaria como é a non promoción comunicando estas dificultades ás familias.
- O alumnado que **non acade a promoción** (oídas as nais, pais, titores/as legais) permanecerá un ano máis no curso. A opinión da familia non será vinculante.
- A non promoción dun alumno/a será unha **medida de carácter excepcional**, tras esgotar as medidas ordinarias suficientes, só se poderá aplicar unha vez na etapa. Levará consigo a realización dun plan específico de reforzo (Orde do 8 de setembro de 2021). Este informe enviarase coa documentación correspondente do alumno/a no caso de traslado ao centro onde vai a cursar a repetición. Se a familia o solicita tamén se lle entregará.

>Modelo de plan de reforzo e recuperación de materias suspensas.

I) CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS

- O alumnado con NEE (Necesidades Educativas Especiais) poderá prolongar **un curso adicional a súa escolarización** se as dificultades están suficientemente acreditadas polo departamento de orientación.

- Cando o progreso dunha alumna/o non sexa o axeitado estableceranse medidas de **reforzo educativo** para garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e realizarase un **informe de reforzo educativo** ao final do curso.
- Non poderá repetir curso un alumno/a ao que non se lle aplicara e rexistrara nos documentos e aplicacións oficiais a medida de reforzo educativo debidamente comunicado ás familias.

>Modelo informe reforzo educativo. ANEXO

- Os referentes da avaliación no caso do **alumando con AC** (Adaptación Curricular) serán os incluídos na mesma, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO OBXECTO DE PROGRAMAS DE REFORZO (PROA+)

Os criterios par a selección do alumnado obxecto destes programas serán os seguintes:

CRITERIOS PROGRAMAS DE REFORZO					
<input type="radio"/>	Alumno/a repetidor.	<input type="radio"/>	Adaptación curricular.	<input type="radio"/>	Risco e vulnerabilidade.
<input type="radio"/>	Informe psicopedagógico.	<input type="radio"/>	Reforzo Educativo.	<input type="radio"/>	Circunstancias persoais.
<input type="radio"/>	Atención de PT .	<input type="radio"/>	Materias suspensas.	<input type="radio"/>	Dificultades medio sociofamiliar.
<input type="radio"/>	Atención de AL .	<input type="radio"/>	Dificultades de aprendizaxe.	<input type="radio"/>	ACNEAE - ACNEE

J) CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos básicos en cada materia.

Como mínimo débese coñecer a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O **número** de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do **grupo** (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As **fortalezas** que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de **contidos curriculares e competencias**.
- As **necesidades** que se puidesen identificar.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao **agrupar** os alumnos/as para os traballos cooperativos.

- Os tipos de **recursos** que se necesitan adaptar a nivel xeral.
- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel **alumnado con necesidades educativas**, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

>Guía para a avaliación inicial do alumnado.

Para levar a cabo esta avaliación inicial poderanse empregar distintos instrumentos: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, participación en debates...

A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias cando sexa especialmente relevante a través das titorías individualizadas telefónicas ou presencias, unha vez que se teña un coñecemento relevante sobre o grupo e/ou alumno/a.

CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN CONTINUA E FINAL

Os criterios xerais para o desenvolvemento da avaliación continua e final serán:

- O profesorado avaliará tanto as **aprendizaxes do alumnado** como os procesos de ensino da súa **práctica docente** mediante indicadores de logro nas programacións e nas memorias finais de curso.

>Modelos de memorias. ANEXO

- A avaliación do alumnado tomará como referente o grao de adquisición das **competencias e o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación**. Os estándares de aprendizaxe serán orientativos a espera da eliminación destes elementos curriculares nos novos currículos.
- A avaliación do alumnado será continua, global e terá en conta o **progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe**.
- A promoción nos cursos de **1º, 3º e 5º** de Educación Primaria será automática.
- Nos cursos de **2º, 4º e 6º** de Educación Primaria na sesión de avaliación final decidirse sobre a promoción do alumnado. Será unha **decisión colexiada** tendo en conta os **criterios de promoción** e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a.
- Ao finalizar os cursos de **2º e 4º de Educación Primaria** o profesorado titor realizará un **informe básico** sobre a adquisición das competencias de cada alumno/a. Este informe entregarase ás familias.

>Modelo informe fin de ciclo (2º-4º EP) ANEXO

- Ao finalizar a etapa no **6º curso de Educación Primaria** o profesorado titor realizará un **informe** sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. (No

caso do alumnado NEE: incluírá adaptacións, medidas adoptadas para unha mellor continuidade na etapa seguinte). Este informe entregarase ás familias.

>Modelo informe fin de etapa (6º EP) ANEXO

- As medidas de reforzo educativo (**RE**) e adaptación curricular (**ACS**) reflectiranse nos documentos oficias.
- As actas de avaliación do curso pecharanse ao remate do período lectivo ordinario.
- No historial académico consignaranse os resultados da avaliación ao finalizar o curso.

CRITERIOS XERAIS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de **instrumentos de avaliación variados**, onde cada docente usará e adaptará os máis idóneos en función das distintas situacións, grupos e alumnado obxecto da aprendizaxe.

Entre os posibles procedementos e instrumentos a empregar sitúanse:

Procedementos		Instrumentos de avaliación
Probas específicas.	Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios • Resolución de casos prácticos • Resolución de problemas. • Realización de fichas • Resposta a preguntas ou cuestións • Obxectivas: test verdadeiro - falso, textos mutilados, de opción múltiple, ... • Abertas: cuestionarios, interpretación de datos... • Elaboración de temas. • Elaboración de resumos, esquemas, gráficos... • Probas de capacidade motriz.
	Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición dun tema. • Resposta a preguntas • Lectura expresiva • Diálogo, entrevista, asemblea, postas en común...
Traballos individuais.		<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigación e experimentación • Tarefas de análise – aplicación. • Producións orais. • Tarefas de síntese. • Presentacións • Debates
Traballos en grupo		<ul style="list-style-type: none"> • Monografía • Resumos. • Resolución de exercicios e problemas. • Textos escritos. • Producións plásticas e musicais. • Producións motrices. • Investigacións.

	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos: de simulación, dramáticos, deportivos...
Traballo na aula-observación sistemática.	<ul style="list-style-type: none"> • Listas de control • Escalas de observación • Caderno do alumno • Rexistro anecdótico • Diarios de clase • Outras

CRITERIOS XERAIS SOBRE A CUALIFICACIÓN

(Con posibles modificacións en función dos Decretos de EI e EP)

A avaliación na etapa de **Educación Infantil** das diferentes áreas consignarase empregando distintos ítems de avaliación a través das valoracións: acadado, en proceso ou non acadado.

A cualificación en **Educación Primaria** consignarase a través das seguintes valoracións: IN (Insuficiente), SU (Suficiente), BE (Ben), NOT (Notable) e SB (Sobresaliente) e irán acompañadas dunha cualificación numérica.

No caso de que algunhas áreas se combinaran en **ámbitos de aprendizaxe**, consignarase unha cualificación para dito ámbito que se trasladará logo as distintas áreas.

Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos nos diferentes niveis:

- Realizaranse polo menos tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN INFANTIL	CRECIMENTO EN ARMONÍA	DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DO ENTORNO	COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE	INGLÉS	RELIXIÓN VALOES
Observación <ul style="list-style-type: none"> ○ Intervencións orais dos alumnos. ○ Participación activa na aula. ○ Respetto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia. ○ Constancia, interese e esforzo. 	60%	60%	60%	60%	60%
Traballo individual <ul style="list-style-type: none"> ○ Realización de pequenas experimentacións. ○ Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. ○ Presentacións. 	20 %	20%	20%	20%	20%

<ul style="list-style-type: none"> ○ Realización de tarefas no tempo previsto. ○ Atención e interese demostrado. 					
Traballo en grupo <ul style="list-style-type: none"> ○ Respecto ás normas de traballo en equipo. ○ Aportacións ao grupo ○ Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as ○ Realización de tarefas no tempo previsto. 	20 %	20 %	20 %	20 %	20 %

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 1º CICLO	MAT	LINGUAS	CIENCIAS	ARTÍSTICA	EF	VAL /REL
Observación <ul style="list-style-type: none"> ○ Intervencións orais dos alumnos. ○ Participación activa na aula. ○ Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a e normas de convivencia. ○ Constancia, interese e esforzo. 	40 %	40%	40%	40%	40%	40%
Traballo individual <ul style="list-style-type: none"> ○ Realización de pequenas experimentacións. ○ Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado. ○ Presentacións. ○ Realización de tarefas no tempo previsto. ○ Atención e interese demostrado. 	30 %	40%	40%	30%	30%	40%
Traballo en grupo <ul style="list-style-type: none"> ○ Respecto ás normas de traballo en equipo. ○ Aportacións ao grupo ○ Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as ○ Realización de tarefas no tempo previsto. 	20 %	20 %	20 %	30%	30%	20 %
Probas escritas e orais <ul style="list-style-type: none"> ○ Elaboración de fichas. ○ Realización de traballos. ○ Controis de cada unidade didáctica. ○ Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións. 	-	-	-	-	-	-

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 2º CICLO	MAT	LINGUAS	CIENCIAS	ARTÍSTICA	EF	VAL /REL
---	------------	----------------	-----------------	------------------	-----------	-----------------

Traballo en grupo <ul style="list-style-type: none"> ○ Respecto ás normas de traballo en equipo. ○ Aportacións ao grupo ○ Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as ○ Realización de tarefas no tempo previsto. 	20 %	20 %	20 %	30 %	30 %	50 %
Probos escritos e orais <ul style="list-style-type: none"> ○ Elaboración de fichas. ○ Realización de traballos. ○ Controis de cada unidade didáctica. ○ Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións. 	30 %	30 %	30 %	10 %	10 %	-

- O resultados destas cualificacións trimestrais comunicaranse na 1º e 2º avaliación mediante a aplicación Abalar. Na 3º avaliación e final expedirase un boletín impreso.
- Débese distinguir entre avaliación continua e progresiva. A avaliación debe ser **sempre continua** na medida que debe ter un carácter formativo e orientador, pero non ten que ser progresiva xa que existen partes diferenciadas que non poden ser avaliadas de forma progresiva especialmente nos cursos máis altos da educación primaria.
- A cualificación final ordinaria non necesariamente ten por que ser unha media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación nin ten que coincidir coa cualificación da 3ª avaliación se non que estará en función dos **criterios de cualificación obxectivos (fórmula matemática)** que se establezan nas distintas programacións.

CRITERIOS PARA O TRATAMENTO DE MATERIAS PENDENTES

O alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

- a. Rectificará a súa actitude si esa é a dificultade.
- b. En caso de que o mestre/a o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corraxirá o caderno.
- c. Na proba ou probas específicas de cada avaliación incluíranse preguntas correspondentes á avaliación anterior, de xeito que os alumnos/as poidan recuperar este apartado da cualificación global. Tamén se valorará o cambio de actitude e o traballo desenvolvido para recuperar cada avaliación durante o trimestre seguinte.
- d. No caso de que o alumnado promocióne con materias suspensas, aplicaráselle un reforzo educativo e constatarase no informe pertinente no curso seguinte se superou ou non dita materia.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Para a toma de decisións sobre a promoción dun alumno ou alumna seguiranse os criterios de promoción vinculados con cada unha das competencias que se recollen a continuación.

- Un alumno/a **non promocionará** cando obteña **unha puntuación inferior ao 50%** da máxima posible nos criterios establecidos.

- Será esta puntuación a que guíe o proceso de toma de decisións e non o número de áreas suspensas. Non obstante, enténdese que un **alumno/a con 3 ou máis áreas suspensas** non ten axeitadamente desenvolvidas as competencias e infírese que a súa puntuación será inferior a ese 50 % mencionado.
- Non promocionará tampouco aquel alumnado que teña **4 ou máis competencias** con todos os criterios por debaixo dun **3 de puntuación**.

1	2	3	4	5
Con dificultade.	gran Con dificultade.	De forma básica (Con axuda)	Acadado.	Moi desenvolvido.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º CICLO EI						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • Comunícase de forma correcta nas situacións cotiás. 					
Plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> • Interésase e respecta outras linguas. 					
Matemática, ciencia, tecnoloxía e enxeñería.	<ul style="list-style-type: none"> • Iníciase en habilidades numéricas, manipulación de obxectos e comprobación de fenómenos. 					
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> • Iníciase no proceso de alfabetización dixital. 					
Persoal, social e de aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvólvese no entorno con progresiva autonomía. 					
Cidadá	<ul style="list-style-type: none"> • Adquire valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia. 					
Emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvólvese con iniciativa. 					
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> • Achégase a manifestacións culturais e artísticas. 					

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 1º CICLO EP						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente en diversas situacións de comunicación aplicando as normas socio-comunicativas: escoita, respecto de quendas... • Le e escribe, con axuda, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social. 					
Plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende e expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área. 					

Matemática, ciencia, tecnoloxía/ingeniería.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. 					
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> Emprega as Tics de forma guiada facendo un bo uso delas. 					
Persoal, social e de aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 					
Cidadá	<ul style="list-style-type: none"> Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos sobre determinadas condutas acordes as normas de convivencia escolares. 					
Emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 					
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> Repete esquemas rítmicos escoitados. Recoñece e valora as principais manifestacións artísticas e culturais. 					

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º CICLO EP

COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> Le, comprende e escribe textos de dificultade media integrando as normas ortográficas. Desenvolve a expresión oral en diversas situacións comunicativas. 					
Plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> Evidencia unha actitude favorable cara a adquisición de linguas. 					
Matemática, ciencia, tecnoloxía/ingeniería.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os números e realiza operacións básicas. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados seguindo os pasos do método científico. 					
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolve habilidades para a busca, selección e tratamento da información. 					
Persoal, social e de aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> Expón de forma clara e ordenada os contidos traballados. Experimenta e rexistra as conclusións extraídas do proceso 					
Cidadá	<ul style="list-style-type: none"> Mostra habilidades para o coñecemento e participación activa na súa contorna próxima. 					
Emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> Evidencia autonomía e iniciativa tanto no traballo 					

		persoal como grupal (toma de decisións, planificación, participación, liderado...).					
Conciencia e expresións culturais.	e	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e valora a diversidade e manifestacións culturais. 					

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 3º CICLO EP						
COMPETENCIAS	CRITERIO DE PROMOCIÓN	1	2	3	4	5
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> Le sen dificultade e cunha velocidade lectora e comprensión lectora adecuada e progresiva textos de diverso tipo adaptados a súa idade. Produce textos orais e escritos con sentido global, boa estrutura, ortografía, puntuación e caligrafía. 					
Plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. Realiza intervencións orais cun discurso coherente, adecuado ao contexto, boa entoación e un vocabulario adaptado a súa idade. Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas. 					
Matemática, ciencia, tecnoloxía/ingeniería.	<ul style="list-style-type: none"> Resolve situacións nos que interveñen as operacións aritméticas e conceptos matemáticos traballados. Aplica estratexias de razoamento lóxico, cálculo mental e xeneralización de aprendizaxes na resolución de problemas. 					
Dixital	<ul style="list-style-type: none"> Manexa os procedementos relacionados co proxecto EDIXGAL: a organización dunha páxina web, entorno EVA, programas informáticos e procesadores de texto. Realiza con axuda un bo tratamento da información (resumos, ideas clave, tema, esquemas, infografía, exposicións orais...) 					
Persoal, social e de aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> Amosa hábitos de estudo e esforzo nas actividades diarias. Cumpre as funcións das que é responsable nos traballos cooperativos e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 					
Cidadá	<ul style="list-style-type: none"> Respecta as normas de aula e de centro. Amosa uns hábitos de convivencia positivos tanto en pequenos grupos, na aula e no centro. 					
Emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> Participa activamente na aula e implicase nos debates sobre os temas tratados. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa e capacidade de esforzo no estudo e traballo sobre aspectos da materia. 					
Conciencia e	<ul style="list-style-type: none"> Organiza e trae o material e tarefas precisas á aula con 					

expresións culturais.	<p>puntualidade en tempo e forma aplicando as técnicas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Presenta os traballos e cadernos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. 						
-----------------------	---	--	--	--	--	--	--

CRITERIOS OBXECTIVIDADE NA AVALIACIÓN

-A comunidade educativa deberá poder ter **acceso a información** sobre os procedementos e os criterios xerais de avaliación, de cualificación e promoción a través da páxina web e nos documentos presentes na secretaría do centro.

-A persoa titora e o profesorado das distintas áreas manterán unha comunicación fluída no relativo ao proceso de aprendizaxe a través de **reunións de titorías** (presenciais e/ou telefónicas) no horario establecido na PXA.

- O profesorado titor canalizará de forma xeral a información do conxunto de profesorado do grupo.
- Se se precisa información máis detallada dun especialista concertarase titoría con el/ela.
- No caso de situacións específicas poderanse realizar reunións conxuntas con todos ou algún docente do alumnado e o DO, ben solicitada polo centro, ou pola familia, expoñendo especificamente o asunto a tratar.

-De forma xeral, as **probas específicas non se enviarán ós domicilios** do alumnado. Se algún pai/nai ou titor/a legar quere consultar ditas probas específicas acudirá ao centro en horario de titoría.

-Intentarase incentivar que o **proceso de avaliación non se vincule única e exclusivamente cun proceso de cualificación**. Neste sentido, os procedementos e instrumentos usados na avaliación derivada do proceso de ensino aprendizaxe cotiá non terán que levar aparellados obrigatoriamente unha cualificación numérica ou doutro tipo (Ex: cualificacións numéricas de probas escritas), se non que están abertas a outro tipo de valoracións ou comentarios que cumpran cun **valor formativo e orientador da avaliación**.

-O **primeiro paso** ante **aclaracións ou discrepancias** acerca dos procesos de avaliación, cualificacións ou decisións que deriven delas será comunicar este aspecto ao mestre/a ou mestra responsable da materia. De non chegar a un consenso poñerase isto en coñecemento da Xefatura de Estudos do centro.

- No caso de que a vía anterior non dese como resultado un acordo común entre as partes no relativo ás cualificacións ou as decisións de promoción, iniciarase o **procedemento de reclamación** formal seguindo as instrucións e prazos da *Orde de 2 de marzo de 2021 que regula o dereito a obxectividade na avaliación*:

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a dirección.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación.

Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final. (Informe do equipo docente)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión.
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión.
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora.	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte .
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente académico e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión.
Reclamación ante a xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista desacordo.	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final.	Tras o proceso de revisión.

>Modelos de reclamación.

K) CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

Para o outorgamento dunha mención honorífica a un alumno/a ao final da etapa de Educación Primaria deberanse cumprir os **seguintes 3 criterios**:

CRITERIOS MATRÍCULA DE HONRA		SI	NON
A	Presentar unhas cualificacións finais de etapa en todas as áreas de sobresaliente.		
B	Amosar unha regularidade e constancia ao longo da etapa de EP que se reflecta no historial académico.		
C	Amosar un grado de desenvolvemento das competencias básicas moi desenvolvido (Puntuación 5) en polo menos un 80% dos criterios de promoción establecidos para o terceiro ciclo de EP.		

L) CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS



Uso da programación PROENS para a elaboración das programacións que deberá conter polo menos os seguintes apartados:

a) **Introdución.**

b) **Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.**

c) **Relación de unidades didácticas** coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) **Metodoloxía:** – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos.

e) **Avaliación:** – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil. – Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. – Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) **Medidas de atención á diversidade.**

g) **Transversal:** – Concreción dos elementos transversais. – Actividades complementarias.

h) **Práctica docente:** – Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. – Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Ademais as programacións deben facer referencia ao PDI proposto dende a biblioteca e enfoque que se lle dará, a contribución aos distintos proxectos cos que conta o centro, posibles saídas didácticas previstas e xustificación das mesmas dende o enfoque curricular e instrumentos de comunicación coas familias.

M) CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS PLANS E PROGRAMAS

A selección dos programas, proxectos e plans nos que participa o centro rexeranse polos seguintes principios:

- Favorezan unha **renovación e actualización** pedagóxica xeral do centro.
- Incrementen o **desenvolvemento das competencias clave** do alumnado, a consecución dos obxectivos propostos e a adquisición das habilidades instrumentais básicas do alumnado.
- Favorezan a implicación, renovación e **actualización pedagóxica do persoal docente.**
- Melloren a **organización, calidade, xestión e innovación** do centro.
- Melloren o **clima de convivencia** do centro e o traballo sobre os **elementos transversais** do currículo así como a educación en valores.

- Permitan incardinar a súa acción de forma **coherente e transversal** nas programacións de aula das diferentes etapas e cursos, así como nos diferentes plans e programas dos equipos dinamizadores do centro.
- Aporten un **valor engadido pedagóxico**, organizativo, metodolóxico e económico ao centro ou aos plans, programas e proxectos xa existentes.
- Non supoñan unha **carga burocrática excesiva**, ou cuxa aplicación resulte inviable para o conxunto do profesorado e o equipo directivo do centro.
- Permita **atender mellor á diversidade** dos grupos e especialmente ao alumnado con ANEAE e NEE, tanto na dotación de recursos, persoal ou técnicas de apoio a aprendizaxe.

N) PROCEDIMENTO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

O procedemento de revisión e avaliación da concreción levarase a cabo de **forma anual** e expresarse na **memoria final de centro** realizada ao remate de curso, propoñendo as modificacións necesarias para o vindeiro ano académico.

Os criterios xerais que se seguirán para a avaliación da Concreción Curricular serán:

CRITERIOS A AVALIAR	CORRECTOS	MELLORABLES	PROPOSTAS DE MELLORA
Desenvolvemento das competencias clave e perfís de saída.			
Desenvolvemento dos obxectivos de etapa.			
Elementos transversais traballados			
Coordinación, coherencia, rigor e estratexias metodolóxicas aplicadas.			
Recursos dispoñibles e empregados.			
Deseño e realización de actividades complementarias.			
Operatividade, realización e revisión de modelos de plans de reforzo.			
Viabilidade dos criterios de promoción.			



Viabilidade dos criterios de mencións de honra.			
Coherencia e funcionalidade das programacións.			
Criterios para a selección de plans, viabilidade e resultados.			
Preiodicidade e documentos de revisión da CC			